

Boletín de exercicios: Números Decimais e Porcentaxes

1.- Clasifica os seguintes números decimais:

3'25 1'23333... 135'1234... 0'0001 24'12222... 2'121212...
0'2345... 75'32343434... 1'25 0'111 0'111... 3'3425425...

2.- Escribe os seguintes números en forma de fracción:

a) $2'12$ b) $1'\overline{5}$ c) $0'2\overline{5}$ d) $0'025$ e) $1'\overline{25}$ f) $0'12\overline{6}$ g) $3'14\overline{5}$

3.- Efectúa as seguintes operacións con números decimais:

a) $325'42 + 134'213$ b) $0'1242 - 0'09321$
c) $32'106 \cdot 1'25$ d) $15'13 \cdot 2'042$
e) $23'393 : 7'45$ f) $3'933 : 8'74$

4.- Efectúa as seguintes operacións pasando previamente a forma de fracción:

a) $2'35 - 1'6 \cdot 0'6 =$
b) $(1'\overline{4} - 0'\overline{5}) : 0'25 =$
c) $0'3\overline{5} + 0'2 \cdot 1'\overline{5} =$

5.- Calcula un número que multiplicado por 4'53 sexa igual a 7'9275.

6.- Nuns grandes almacéns o prezo duns pantalóns é de 35'75 €, o dunha camisa 24'5 € e o dunha chaqueta 75'45 €. Se mercamos dous pantalóns, tres camisas e unha chaqueta, ¿canto gastaremos en total?

7.- Un terreo rectangular mide 125'4 metros de longo e 45'5 metros de ancho. Se o vendemos a 10'5 € o metro cadrado, ¿cal será o prezo da finca?

8.- Calcula:

a) o 5% de 300 b) o 12% de 450 c) o 75% de 12 d) o 20% de 74

9.- Mercamos un xoguete por 120 € máis o 16% de I.V.E. ¿Cal será o prezo final do xoguete?

10.- Un obxecto está valorado en 80 €. A tenda que o pon á venda faille unha rebaixa do 25% para, a continuación, cobrar o 7% de I.V.E. sobre o prezo rebaxado. ¿Cal é o prezo definitivo?

11.- O prezo dun electrodoméstico unha vez feito o 12% de desconto é de 308 €. ¿Cal era o prezo orixinal do obxecto?

12.- Sábese que nun determinado obxecto fannos unha rebaixa de 20 € que equivale ao 40% do valor total do obxecto. ¿Cal era o seu valor inicial?

13.- Brais tiña un soldo anual de 9000 € no ano 2002 e incrementárollo un 3% ao final de cada ano. ¿Cal será o soldo de Brais no ano 2004?

14.- Fai un ano puxéronme unha multa de tráfico pero como tardei moito en pagala puxéronme unha recargo do 15% sobre o seu valor inicial. Ao final tiven que pagar 207 €, ¿canto tería que pagar se non tardara tanto en facelo?

15.- Dos 120 empregados dunha empresa, 1/3 son fixos, o 60 % son de contrato temporal e o resto son aprendices. ¿Cantos aprendices ten a empresa?